O grao de participación nas **Enquistas de Avaliación Docente** (EAD) foi decaendo desde que pasaron a realizarse a través dunha plataforma virtual. A participación do estudantado nas EAD é escasa e vai diminuíndo en cada curso. O centro comunica as datas á Delegación de Alumnado, anima á participación do estudantado e intenta que comprenda a relevancia de participar nestas enquisas, pero temos a sensación de que o estudantado non percibe a importancia da súa opinión.

No curso 2022/2023 houbo unha porcentaxe de participación do 27.05% e a nota global do grao foi de 4.09.


**Conclusión:** O equipo directivo, a Comisión de Calidade e a Xunta de Escola do centro, consideran que o título conta con profesorado suficiente para desenvolver as actividades docentes e que a súa experiencia e cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos e as competencias que deben acadar os estudiantes, polo que a valoración do grao de cumprimento desta parte do criterio é **SATISFACTORIA**.

#### Persoal de apoio

O cumprimento das obrigas de difusión pública da información e a garantía da accesibilidade a toda a información de interese fai preciso a actualización e o mantemento constante dos recursos web do centro (entre os que se inclúen os relacionados co Grao en Enxeñaría Aeroespacial). Como o equipo directivo non se pode facer cargo desta actualización continua, esta tarefa está encargada a unha empresa externa. A difusión en redes sociais (Instagram e Linkedin) dos eventos, noticias ou calquera outra información de interese relacionada co grao é realizada pola Coordinadora de Calidade. Por outra banda, é preciso manter as aulas informáticas, manter os laboratorios e preparar o material e os dispositivos para a realización de prácticas, para o que se conta cun Técnico E de Física e un Técnico M de actividades aeroespaciais para axudar a xestionar os equipos de laboratorios específicos que se están a adquirir e instalar.

O persoal de apoio que participa no grao conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Na páxina web pode consultarse o [PAS](#) adscrito ao centro dentro das distintas áreas (administración do centro, secretaría de dirección, apoio á xestión do centro, atención ao estudantado, área económica, persoal técnico de laboratorio e servizos xerais).

Ademais, a universidade ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao centro. No seguinte gráfico preséntase a porcentaxe de PAS en formación (datos por centro).



O aumento tan notorio desta formación pode deberse á introdución da nova ferramenta de xestión SIGMA que substitúa a Xescampus.

**Conclusión:** Como conclusión, a cualificación do persoal de apoio que participa actualmente no título pódese valorar de forma satisfactoria, polo que o equipo directivo, a Comisión de Calidade e a Xunta de Escola do centro, consideran que a valoración do grao de cumprimento desta parte do criterio é **SATISFACTORIA**.

| Puntos febles detectados:  | Accións de mellora a implantar: |
|--|---------------------------------|
| •  | •                               |
| <p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)</p> <p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p> |                                 |

## Criterio 5. Recursos materiais e servizos

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A disponibilidade de aulas e laboratorios asignados á Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo para a docencia da titulación de Grao está disponible na páxina web ([Recursos materiais e servizos](#)) e é adecuada tal e como se definiu na memoria de verificación correspondente. Os recursos materiais para a docencia en materias de formación básica son satisfactorios. Un título coma o Grao en Enxeñaría Aeroespacial precisa de material específico: material informático suficiente (incluíndo hardware e software) e material de laboratorio adecuado.

O título de grao impártese no Edificio de Facultades, nas instalacións da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, no Edificio Politécnico e no Edificio do Campus da Auga.

As infraestruturas tecnolóxicas e os servizos do centro son adecuados para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas e a consecución das competencias por parte dos estudiantes. Todas as aulas de teoría contan cun ordenador fixo con conexión a internet, canón de proxección, equipo de son e conexión Wifi. As instalacións utilizadas no curso 2022/23 son as mesmas que en cursos anteriores, pero seguimos esperando poder contar cun edificio propio onde se integraran todas as actividades de carácter docente. Neste sentido, no mes de xullo de 2023 resolveuse o concurso de ideas para a construcción do edificio que acollerá a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

As instalacións utilizadas compren os requisitos de accesibilidade que marca a normativa vixente. A Unidade Técnica da Universidade de Vigo avalía a accesibilidade das mesmas para persoas discapacitadas. De igual forma, hai planos de instalación e evacuación, e carteira sobre medidas de seguridade nos laboratorios.

A biblioteca actualiza anualmente os fondos bibliográficos para garantir que o estudiantado dispoña da bibliografía básica das materias do título. Ademais, revisa anualmente as guías docentes para informar ao profesorado de novas edicións dos libros recomendados. O horario de apertura da biblioteca cubre amplamente a xornada académica de calquera estudiante, e conta cun horario especial en época de exames.


Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes do grao considéranse axeitados para dirixilos e orientalos nestes temas. Na Xornada de benvida e presentación do curso académico ao estudiantado de novo ingreso preséntanse todos os servizos que a Universidade presta ao estudiantado, o programa de Acción Titorial (PAT) e o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE).

Os servizos de atención ao estudiantado (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado, ...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas. Os servizos administrativos de atención ao estudiantado de grao proporcionan, dende a universidade e dende o propio centro, apoio á tramitación de solicitudes, xeración de certificados e información dos procedementos administrativos a seguir polos estudiantes. As cualificacións finais están disponíveis na Secretaría Virtual da Universidade.

Para a realización das Prácticas en empresa, o centro solicita os convenios de colaboración firmados pola Universidade con institucións públicas e privadas de ámbito tecnolóxico, de tal xeito que o estudiantado poida adquirir as competencias que lle corresponden con esta formación. As instalacións onde se realizan as prácticas externas son adecuadas para a adquisición das competencias asociadas a esta materia.

A continuación amósanse os resultados obtidos nas **Enquisas de satisfacción coa titulación** para o bloque Recursos materiais e servizos.

|                   | Grao de satisfacción | Ítem mellor valorado  | Ítem peor valorado                      |
|-------------------|----------------------|---|---|
| Estudiantado      | 3.13                 | I15 Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) (3.50) | I13 As aulas e o seu equipamento (2.50) |
| Profesorado       | 4.06                 | I17 As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (4.44)                          | I14 As aulas e o seu equipamento (3.54) |
| Pessoas tituladas | 3.67                 | I14 Espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC....) (4.00)                     | I13 As aulas e laboratorios (3.17).     |
| PAS               | 4.14                 | I10 As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro (4.14)     |   |



En relación coa orientación sobre inserción laboral ánda non temos datos.

O equipo directivo, a Comisión de Calidade e a Xunta de Escola do Centro, consideran que a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, na que se imparte o título de grao conta cos recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados e suficientes para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas e as competencias que deben acadar os estudiantes, así como dos procedementos para realizar unha actualización e mellora continua dos ditos recursos, polo que a valoración do grao de cumprimento deste criterio é SATISFACTORIA.

| <b>Puntos febles detectados:</b>   | <b>Accións de mellora a implantar:</b>  |
|--|---|
| Unha baixa satisfacción coas aulas e o seu equipamento.  | Seguirase a solicitar a dotación dun edificio propio para as titulacións da Escola. |
| <b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>  |   |
| E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título<br>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT<br>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.<br>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título<br>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia<br>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas |   |
| <b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>   |   |
| I4: Resultados das encuestas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos<br>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas<br>I11: N° de alumnado por centro de prácticas.<br>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  |   |

## Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos. No [anexo 5](#) pódese consultar o informe de cualificacións por materia.

Cada ano se supervisan as metodoloxías empregadas e os sistemas de avaliación utilizados co obxectivo de verificar o cumprimento da memoria verificada e a obtención por parte do alumnado dos resultados de aprendizaxe previstos. Esta revisión tense levado a cabo a través das tarefas de coordinación e utilizando como ferramenta básica a elaboración e supervisión do cumprimento das guías docentes. En cada edición todas as materias teñen incorporando melloras a partir da experiencia adquirida e usando a opinión recollida polas distintas canles proporcionadas polo SGC. Todas as guías docentes das materias recollen a información sobre os resultados da aprendizaxe que permiten a consecución das competencias do título por parte do estudiantado, así como a descripción dos métodos de avaliación de adquisición das mesmas. Ademais, a totalidade das guías inclúen información acerca das competencias que se traballan coas diferentes metodoloxías docentes.


No relativo ao estudiantado que finaliza a súa formación de grao, a continuación recóllese o número de TFG presentados no centro.

| Curso   | Centro | SICUE | ERASMUS | GE4 | Total |
|---------|--------|-------|---------|-----|-------|
| 2020/21 | 27     |       | 1       |     | 28    |
| 2021/22 | 52     |       |         |     | 52    |
| 2022/23 | 31     |       |         |     | 31    |


Na seguinte táboa indícanse os datos de rendemento por materia considerando o total das materias impartidas nos tres últimos cursos.

|         | Nº créditos matriculados | Nº créditos presentados | Nº créditos Superados | Taxa Avaliación | Taxa Éxito | Taxa Rendemento |
|---------|--------------------------|-------------------------|-----------------------|-----------------|------------|-----------------|
| 2020/21 | 12516                    | 11601                   | 9825                  | 92.69%          | 84.69%     | 78.50%          |
| 2021/22 | 12324                    | 11241                   | 9726                  | 91.21%          | 86.52%     | 78.92%          |
| 2022/23 | 11532                    | 10518                   | 9033                  | 91%             | 86%        | 78%             |

Na seguinte gráfica inclúense as taxas de rendemento, éxito e avaliación do grao.



O grado de satisfacción respecto a este criterio nas **Enquistas de satisfacción coa titulación** para o sector **estudantado** foi 3.42, para o profesorado foi de 4.31, para as  **persoas tituladas** o grao de satisfacción foi 3.43.



O equipo directivo, a Comisión de Calidade e a Xunta de Escola do centro, consideran que o estudantado ao finalizar o proceso formativo ten adquirido as competencias previstas para o título, polo que a valoración do grao de cumprimento deste criterio é **SATISFACTORIA**.

| Puntos febles detectados:   | Accións de mellora a implantar: |
|---|---------------------------------|
| •   | •                               |
| <b>Evidencias nas que se se baseou la valoración:</b>   |                                 |
| E4: Guías docentes das materias<br>E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)<br>E25/: Informes de cualificación por materia<br>EA11: Informes de prácticas   |                                 |
| <b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  |                                 |
| I4: Resultados das enquistas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquistas de satisfacción<br>I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia) |                                 |

## Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento


**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico é plenamente satisfactoria. A demanda de prazas de novo ingreso é moi superior ao número de prazas ofertadas, sendo este un dos graos do SUG que requiren unha nota máis alta para o acceso.

Os indicadores de ocupación, preferencia e adecuación son altos e están por riba do obxectivo de calidade do centro (80% en cada referencia).



Para medir de modo obxectivo o impacto do desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación na consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos dispónse dos indicadores de resultado das distintas taxas (indicadores I11-DO a I15-DO). Na seguinte táboa indícanse os valores da memoria de verificación e os obtidos nos últimos cursos.

| Denominación       | Valor memoria(%) | 2020/21 | 2021/22 | 2022/23 |
|--------------------|------------------|---------|---------|---------|
| Taxa de graduación | 25-35%           | 59.57%  | 73.33%  | 65.31%  |
| Taxa de abandono   | 10-20%           | 14.29%  | 4.44%   | 11.54%  |
| Taxa de eficiencia | 65±5%            | 95%     | 90%     | 88%     |
| Taxa de rendemento | 50±5%            | 78%     | 79%     | 78%     |
| Taxa de éxito      | -----            | 85%     | 87%     | 86%     |

O equipo directivo, a Comisión de Calidade e a Xunta de Escola do centro, consideran que os resultados dos indicadores de demanda e de resultados son adecuados de acordo co seu ámbito temático e contorna no que se atopa o título e son coerentes co modelo educativo desenvolvido e cos recursos despregados para a súa implantación. Pódese considerar que os resultados de aprendizaxe acadados satisfán os obxectivos do programa formativo. Tamén consideran que os índices de satisfacción dos grupos de interese son adecuados. Por todo isto, a valoración do grao de cumprimento deste criterio é SATISFACTORIA.

|  |   |
|--|---|
|  |   |
| <b>Puntos febles detectados:</b><br>•  | <b>Accións de mellora a implantar:</b><br>• |
| <b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b><br>E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC   |   |
| <b>Indicadores:</b><br>I1: Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico<br>I12: Evolución dos indicadores de resultados<br><input type="checkbox"/> Taxa de graduación<br><input type="checkbox"/> Taxa de abandono<br><input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia<br><input type="checkbox"/> Taxa de rendemento<br><input type="checkbox"/> Taxa de éxito<br><input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)<br>I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso<br>I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego<br>I010-DO: Duración media dos estudos |   |

## IV. Modificacións na titulación

Incluiranse as modificacións non substancials, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Neste informe non se presenta ningún tipo de modificación na memoria do Grao.

## V. Estado de situación das melloras propostas nos informes anteriores

As accións de mellora propostas no curso 2020/2021 están todas finalizadas. No curso 2021/2022 non se propuxeron accións de mellora.

As accións de mellora activas no curso 2022/2023 están relacionadas con programa de Acreditación e son as seguintes:

1. Adecuación da carga de traballo.
2. Convenios con empresas.
3. Actualización da memoria.
4. Seguimiento da páxina web.
5. Inserción laboral.
6. Certificación do sistema de Garantía de Calidade.
7. Fomento de participación nas enquisas.
8. Fomento da vinculación do profesorado do centro.

9. Promoción do programa DOCENTIA.
10. Fomento das actividades de formación.
11. Estudo da carga de traballo dos técnicos de laboratorio.
12. Internacionalización do título.
13. Seguimento da construcción dun edificio propio.
14. Convenios con empresas.
15. Revisión dos resultados do título.
16. Revisión dos resultados de satisfacción do título.
17. Inserción laboral.

## VI. Listaxe de novas accións de mellora propostas

### AM\_G5. Seguimento dun edificio propio

| Acción de mellora                    |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>Denominación</b>                  | Seguimento dun edificio propio para as titulacións da Escola.   |
| <b>SGIC</b>                          | 2023/2024   |
| <b>Tipo de acción de mellora</b>     | Grao de Enxeñaría Aeroespacial  |
| <b>Año académico</b>                 | 2024/2025   |
| <b>Data de comezo</b>                | Xullo 2023  |
| <b>Data prevista de finalización</b> | 2025  |
| <b>Programa</b>                      | Informe de Revisión pola Dirección  |
| <b>Criterio/Directriz</b>            | Criterio 5: Recursos materiais e servizos   |
| <b>Punto débil detectado</b>         | Baixa satisfacción do estudiantado coas aulas e o seu equipamento.  |
| <b>Actuacións a desenvolver</b>      | Facer un seguimento do proxecto de construcción dun edificio propio, a súa distribución, dotación e equipamento para que os títulos ofertados na Escola contén cos mellores recursos. |

## Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados

### II. Resultados acadados

Este máster, coordinado coa Universidade de Santiago de Compostela, comeza a impartirse no curso 2021/2022. Inclúese aquí a información sobre o seu desenvolvemento na Universidade de Vigo.

#### II.1 Resultados do panel de indicadores do SGC

| Panel de indicadores |             |  | ¿Existe Meta de calidad asociada aos obxectivo de calidad do centro? | <u>Resultado</u><br><u>Curso 22-23</u> | <u>Resultado</u><br><u>Curso 21-22</u> | <u>Resultado</u><br><u>Curso 20-21</u> |
|----------------------|-------------|--|--|--|--|--|
| Codg SGC             | Codg ACS UG | Descripción  |  |  |  |  |
| I02-MC               | I4          | Grao satisfacción estudiantado   | 3 sobre 5  | Sen datos                              | Sen datos                              | -----                                  |
| I03-MC               | I4          | Grao satisfacción profesorado  | ≥ 4 sobre 5  | Non procede                            | Non procede                            | -----                                  |
| I04-MC               | I4          | Grao satisfacción persoas tituladas  | ≥ 3 sobre 5  | Non procede                            | Non procede                            | -----                                  |
| I06-MC               | I4          | Grao satisfacción empregadores   | Sen datos  | Non procede                            | Non procede                            | -----                                  |
| I01-AC               |             | Nota media de acceso   | 6-7  | <a href="#">Ver anexo 6</a>            |  |  |
| I01(2)-AC            |             | Nota mínima de acceso  |  | 6.138                                  | Sen datos                              | -----                                  |
| I02-AC               |             | Ocupación  | ≥ 80%  | 108.33                                 | 100%                                   | -----                                  |
| I03-AC               |             | Preferencia  | ≥ 80%  | Non procede                            | Sen datos                              | -----                                  |
| I03(2)-AC            |             | Adecuación   | ≥ 80%  | Non procede                            | Sen datos                              | -----                                  |
| I04-AC               | I1          | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico) | 20-30  | 13                                     | 12                                     | -----                                  |
| I08-DO               | I8          | Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliação docente)            |  | 2                                      | Sen datos                              | -----                                  |
| I04-DO               | I8          | Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliação docente)     |  | 4.97                                   | Sen datos                              | -----                                  |
| I05-DO               |             | Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino                             |  | 4.75                                   | Sen datos                              | -----                                  |
| I06-DO               |             | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino                              |  | 4.65                                   | Non procede                            | -----                                  |
| I07-DO               |             | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino                       |  | 5.00                                   | Sen datos                              | -----                                  |

| Panel de indicadores |             |   | ¿Existe Meta de calidad asociada aos obxectivo de calidad do centro? | <u>Resultado</u><br><u>Curso 22-23</u>  | <u>Resultado</u><br><u>Curso 21-22</u> | <u>Resultado</u><br><u>Curso 20-21</u> |
|----------------------|-------------|---|--|---|--|--|
| Codg SGC             | Codg ACS UG | Descripción   |  |   |  |  |
| I08-DO               |             | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas             |  | 5.00                                    | Sen datos                              | -----                                  |
| I09-DO               | I3          | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais |  | 1                                       | Sen datos                              | -----                                  |
| I09(2)-DO            |             | Estudantes estranxeiros   |  | 0                                       | Sen datos                              | -----                                  |
| I010-DO              |             | Duración media dos estudos  | 1-1,5  | 1                                       | 1                                      |  |
| I011-DO              |             | Taxa de rendemento  | ≥75%   | 58.20%                                  | 88%                                    | -----                                  |
| I012-DO              |             | Taxa de abandono  | <15%   | 22.22%                                  | -----                                  | -----                                  |
| I013-DO              |             | Taxa de eficiencia  | ≥ 90%  | 100%                                    | 100%                                   | -----                                  |
| I014-DO              |             | Taxa de graduación  | ≥ 80%  | 50%                                     | -----                                  | -----                                  |
| I015-DO              |             | Taxa de éxito   | ≥ 90%  | 93.71%                                  | 100%                                   | -----                                  |
| I016-DO              |             | Tempo medio para atopar emprego                                     |  | <u>Indicadores de inserción laboral</u> |  |  |
| I017-PE              | I7          | Porcentaxe de PAS en formación                                      | ≥ 75%  | 91.16% (datos por centro)               | 31.15% (datos por centro)              | -----                                  |
| I017(2)-PE           | I6          | Profesorado en programas de formación                               |  | 0                                       | 2                                      | -----                                  |
| I02-PE               |             | Cualificación do PDI  | ≥ 50%  |   | 83.33%                                 | -----                                  |
| I03-PE               |             | Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)        | ≥ 40%  | 15                                      | 19                                     | -----                                  |
| I03(2)-PE            |             | Profesorado por categoría   |  | <a href="#">Ver anexo 7</a>             |  |  |

## II.2 Resultados dos indicadores específicos do seguimiento establecido por ACSUG

| Indicadores de Seguimiento |    |   | <u>Resultado</u><br><u>Curso 22-23</u> | <u>Resultado</u><br><u>Curso 21/22</u> | <u>Resultado</u><br><u>Curso 20-21</u> |
|----------------------------|----|---|--|--|--|
| E3                         | I2 | Alumnado por titulación de procedencia                                  | <a href="#">Ver anexo 8</a>            |  |  |
| I9                         |    | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | 0                                      | 0                                      | -----                                  |
| I10                        |    | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade          | Nº                                     | 0                                      | 0                                      |
|                            |    |   | %                                      | 0                                      | 1                                      |
| I11                        |    | Distribución do alumnado por centro de prácticas                        | Nome da empresa Entidade               | <a href="#">Ver anexo 9</a>            |  |
| I14                        |    | Resultados de inserción laboral   |  | <u>Inserción laboral</u>               |  |
| I15                        |    | Media de alumnos por grupo de docencia                                  | Grupos A                               | 16                                     | -----                                  |
|                            |    |   | Grupos E                               | -----                                  | -----                                  |
|                            |    |   | Grupos O                               | -----                                  | -----                                  |

## II.3 Resultado das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

No curso 2022/2023 realizáronse as enquisas a todos os grupos de interese: estudiantado, profesorado, persoas tituladas, persoal de administración e servizos (PAS) e a empregadores.

|                          | Resultados de Participación | Satisfacción xeral | Ítems/ epígrafes mellor valorados   | Ítems/ epígrafes peor valorados   |
|--------------------------|-----------------------------|--------------------|---|---|
| <b>Estudiantado</b>      | 22/23: 15%                  | 22/23: 4.85        | I1 A distribución e orde das materias no plan de estudos (5)                  | I2 A coordinación entre as materias do plan de estudios (4)   |
|                          |                             |                    | I5 A utilidade das prácticas da titulación (5)                                | I9 A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...) (4) |
| <b>Profesorado</b>       | 22/23: 50%                  | 22/23: 4.43        | I3 Os horarios da titulación (5)  | I13 A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado (4)   |
|                          |                             |                    | I4 O calendario das probas de avaliación (5)                                  | I15 Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (4)   |
| <b>PAS Mestrado</b>      | 22/23: 21%                  | 22/23: 2.83        | I5 A comunicación co alumnado (3.8)   | I11 As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo (1.2)   |
|                          |                             |                    | I7 A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico (3.6) | I9 A dotación do PAS adscrito (1.4)   |
| <b>Persoas tituladas</b> | 22/23: 20%                  | 22/23: 4.84        | I1 A distribución e orde das materias no plan de estudos (5)                  | I7 A facilidade para atopar contidos na páxina web (4)  |
|                          |                             |                    | I2 O grao de actualización dos contidos do plan de estudos (5)                | I13 As aulas e laboratorios (4)   |
| <b>Empregadores</b>      | 22/23: 25%                  | 22/23: 4.33        | I3 O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa (5)                 | I1 O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as (4)  |
|                          |                             |                    | 21/22: Non procede  |   |

| Enquisa                  | Organización e Desenvolvemento | Información e transparencia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|--------------------------|--------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|------------------|-------------------------------|---------------------------|
| <b>Estudantado</b>       | 22/23: 4.75                    | 22/23: 4.67                 | 22/23: 5.00                     | 22/23: 5.00      | 22/23: 5.00                   | 22/23: 5.00               |
|                          | 21/22: _____                   | 21/22: _____                | 21/22: _____                    | 21/22: _____     | 21/22: _____                  | 21/22: _____              |
| <b>Profesorado</b>       | 22/23: 4.65                    | 22/23: 4.36                 | 22/23: 4.50                     | 22/23: 4.29      | 22/23: 4.29                   | 22/23: 4.25               |
|                          | 21/22: Non procede             |                             |                                 |                  |                               |                           |
| <b>Persoas tituladas</b> | 22/23: 5.00                    | 22/23: 4.50                 | 22/23: 4.50                     | 22/23: 5.00      | 22/23: 4.67                   | 22/23: 5.00               |
|                          | 21/22: Non procede             |                             |                                 |                  |                               |                           |

| Enquisa PAS MESTRADO | Información Xeral | Comunicación | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Xestión da calidade | Xeral |
|----------------------|-------------------|--------------|------------------|-------------------------------|---------------------|-------|
| <b>22/23</b>         | 3.13              | 3.55         | 1.80             | 1.40                          | 3.00                | 3.40  |
| <b>21/22</b>         | Non procede       |              |                  |                               |                     |       |

## II.4 Indicadores por materia

| Materia  | Curso Académico | Sexo         | Nº créditos matriculados | Nº Créditos Presentados | Nº Créditos Superados | Taxa Avaliación | Taxa Éxito     | Taxa Rendemento |
|--|-----------------|--------------|--------------------------|-------------------------|-----------------------|-----------------|----------------|-----------------|
| M189101 Fundamentos de sistemas aéreos non tripulados  | 2022/2023       | Home         | 60,00                    | 48,0                    | 42,0                  | 80,00%          | 87,50%         | 70,00%          |
|  |                 | Muller       | 12,00                    | 12,0                    | 6,0                   | 100,00%         | 50,00%         | 50,00%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>72,00</b>             | <b>60,0</b>             | <b>48,0</b>           | <b>83,33%</b>   | <b>80,00%</b>  | <b>66,67%</b>   |
| M189102 Operacións, lexislación e certificación        | 2022/2023       | Home         | 60,00                    | 54,0                    | 42,0                  | 90,00%          | 77,78%         | 70,00%          |
|  |                 | Muller       | 12,00                    | 6,0                     | 6,0                   | 50,00%          | 100,00%        | 50,00%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>72,00</b>             | <b>60,0</b>             | <b>48,0</b>           | <b>83,33%</b>   | <b>80,00%</b>  | <b>66,67%</b>   |
| M189103 Aerodinámica, mecánica de voo e propulsión     | 2022/2023       | Home         | 60,00                    | 54,0                    | 54,0                  | 90,00%          | 100,00%        | 90,00%          |
|  |                 | Muller       | 18,00                    | 6,0                     | 6,0                   | 33,33%          | 100,00%        | 33,33%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>78,00</b>             | <b>60,0</b>             | <b>60,0</b>           | <b>76,92%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>76,92%</b>   |
| M189104 Sistemas de observación                        | 2022/2023       | Home         | 60,00                    | 48,0                    | 48,0                  | 80,00%          | 100,00%        | 80,00%          |
|  |                 | Muller       | 18,00                    | 6,0                     | 6,0                   | 33,33%          | 100,00%        | 33,33%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>78,00</b>             | <b>54,0</b>             | <b>54,0</b>           | <b>69,28%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>69,28%</b>   |
| M189201 Métodos de análise de datos                    | 2022/2023       | Home         | 30,00                    | 18,0                    | 18,0                  | 60,00%          | 100,00%        | 60,00%          |
|  |                 | Muller       | 12,00                    | 6,0                     | 6,0                   | 50,00%          | 100,00%        | 50,00%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>42,00</b>             | <b>24,0</b>             | <b>24,0</b>           | <b>57,14%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>57,14%</b>   |
| M189202 Aplicacións no ámbito agroforestal e ambiental | 2022/2023       | Home         | 30,00                    | 18,0                    | 18,0                  | 60,00%          | 100,00%        | 60,00%          |
|  |                 | Muller       | 12,00                    | 6,0                     | 0,0                   | 50,00%          | 0,00%          | 0,00%           |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>42,00</b>             | <b>24,0</b>             | <b>18,0</b>           | <b>57,14%</b>   | <b>75,00%</b>  | <b>42,86%</b>   |
| M189203 Aplicacións en enxeñaría e arquitectura        | 2022/2023       | Home         | 36,00                    | 18,0                    | 18,0                  | 50,00%          | 100,00%        | 50,00%          |
|  |                 | Muller       | 6,00                     | 6,0                     | 6,0                   | 100,00%         | 100,00%        | 100,00%         |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>42,00</b>             | <b>24,0</b>             | <b>24,0</b>           | <b>57,14%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>57,14%</b>   |
| M189204 Sistemas de control                            | 2022/2023       | Home         | 30,00                    | 24,0                    | 24,0                  | 80,00%          | 100,00%        | 80,00%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>30,00</b>             | <b>24,0</b>             | <b>24,0</b>           | <b>80,00%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>80,00%</b>   |
| M189205 Sistemas de navegación e comunicación          | 2022/2023       | Home         | 30,00                    | 24,0                    | 24,0                  | 80,00%          | 100,00%        | 80,00%          |
|  |                 | <b>Total</b> | <b>30,00</b>             | <b>24,0</b>             | <b>24,0</b>           | <b>80,00%</b>   | <b>100,00%</b> | <b>80,00%</b>   |

| Materia      |                                     | Curso Académico | Sexo   | Nº créditos matriculados | Nº Créditos Presentados | Nº Créditos Superados | Taxa Avaliación | Taxa Éxito | Taxa Rendemento |
|--------------|-------------------------------------|-----------------|--------|--------------------------|-------------------------|-----------------------|-----------------|------------|-----------------|
| M189206      | Desenvolvemento de software crítico | 2022/2023       | Home   | 24,00                    | 24,0                    | 24,0                  | 100,00%         | 100,00%    | 100,00%         |
|              |                                     |                 | Total  | 24,00                    | 24,0                    | 24,0                  | 100,00%         | 100,00%    | 100,00%         |
| M189207      | Prácticas externas                  | 2022/2023       | Home   | 81,00                    | 45,0                    | 45,0                  | 55,56%          | 100,00%    | 55,56%          |
|              |                                     |                 | Muller | 18,00                    | 9,0                     | 9,0                   | 50,00%          | 100,00%    | 50,00%          |
|              |                                     |                 | Total  | 99,00                    | 54,0                    | 54,0                  | 54,55%          | 100,00%    | 54,55%          |
| M189208      | Traballo fin de máster              | 2022/2023       | Home   | 126,00                   | 45,0                    | 45,0                  | 35,71%          | 100,00%    | 35,71%          |
|              |                                     |                 | Total  | 126,00                   | 45,0                    | 45,0                  | 35,71%          | 100,00%    | 35,71%          |
| <b>TOTAL</b> |                                     |                 |        | 735,00                   | 477,0                   | 447,0                 | 64,90%          | 93,71%     | 60,82%          |

O informe de cualificacións por materia inclúese no [anexo 10](#).

## II.5 Estado de situación dos rexistros de calidade do SGC

| Rregistro   | Procedemento  | Estado do rexistro | Data límite de entrega | Observacións  | Documentos Adxuntos |
|---|---|--------------------|------------------------|---|---------------------|
| R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | Completado         | 31/12/2022             | No curso 2022/2023 a titulación de máster non se somete a ningunha modificación substancial | 0                   |
| R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación | DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais | Completado         | 31/01/2022             | No curso 2022/2023 a titulación de máster non se somete un proceso de acreditación          | 0                   |
| R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimiento da titulación                         | DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións                                      | Completado         | 15/03/2023             | Preséntase de forma conxunta co Informe de revisión do sistema pola dirección.              | 1                   |
| R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación                          | DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións                                      | Completado         | 29/12/2023             | Aprobado en Comisión de Calidade o 15/05/2023 e en Xunta de Escola o 05/07/2023             | 0                   |
| R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna                                       | DO-0102 P1 - Seguimiento e mellora das titulacións                                      | Completado         | 29/12/2023             |   | 1                   |
| R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación                           | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación                                    | Completado         | 31/12/2022             | No curso 2022/2023 a titulación de máster non se extingue                                   | 0                   |

| Rexistro  | Procedemento  | Estado do rexistro | Data límite de entrega | Observacións  | Documentos Adxuntos |
|---|---|--------------------|------------------------|---|---------------------|
| R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG | DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación      | Completado         | 31/12/2022             | No curso 2022/2023 a titulación de máster non se suspende | 0                   |
| R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación   | DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza | Completado         | 11/10/2023             | Aprobado en comisión de Calidade o 17/11/2023             | 1                   |
| R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares                  | DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas    | Completado         | 31/07/2023             | Segue en vigor o documento aprobado en XE 17/12/2019      | 1                   |
| R1- PE02 P1 - Resultados de avaliação docente definitivos (anuais)                  | PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI  | Completado         | 29/12/2023             |   | 1                   |

### III. Análise de resultados. Seguimento da titulación: Máster en Sistemas Aéreos non Tripulados

Este máster comezou a impartirse no curso 2021/2022, polo que neste informe de seguimento non se poden comparar os datos de 3 cursos consecutivos.

Trátase dunha titulación interuniversitaria coordinada pola Universidade de Santiago de Compostela. Recóllese a continuación o seguimento do título de máster cos datos e parámetros relativos a Universidade de Vigo.

#### Criterio 1. Organización e desenvolvemento

**Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta actual correspón dese coa establecida na memoria verificada. A distribución temporal das materias, contidos e sistemas de avaliación seguen o establecido na memoria e non se ten constancia da existencia de desviacións.

